

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 18 SETEMBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaioito de Setembro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, don Francisco Xabier Carreira Sebio.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Don Marcos Blanco Jorge.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 11 de Setembro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida.

Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: 11/03/2005/1351-AC/100.

A MANUEL SOTELO BARROSO, con domicilio na rúa Ribeiro nº 8, desta Vila, para levar a cabo as obras de adaptación de local para adega de colleiteiro en Val de Pereira-Gomariz, Esposende, que se realizarán segundo o proxecto e anexos redactados polo enxeñeiro técnico agrícola, Dona Salome Iglesias Pena.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: adaptación de local para Adega de Colleiteiro.

Contía na que se orzan as obras: 19.050 euros.

Situación e emprazamento das obras: Val de Pereira-Gomariz-Esposende.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Dona Salome Iglesias Pena.

Nome ou razón social do promotor: Manuel Sotelo Barroso.

Prazos: os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 11.03.05, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 495,30 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 19.050 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Outras condicións: Respecto o muro de peche o a camiño, deberá formalizar compromiso (o muro deberá situarse a catro metros do eixe da vía) correspondente o muro posterior e garantía de estabilidade do muro no seu estado actual. Respecto á escaleira que se representa nos planos con Visado de 29 de maio de 2006, non se corresponde co definido na documentación técnica correspondente á actividade, sendo

un elemento de nova definición que “contradice al programa proposto”, según Punto 3 de Informe Nº 3529. Elemento non legalizable e que se terá que situar a catro metros da liña dos catro metros do eixe, sendo un elemento que se poderá construír como acceso desde o camiño, pero situándoo no seu arranque según o indicado. (A catro metros do eixe).

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL

“Visto o expediente instruído a instancia de **don Manuel Sotelo Barroso**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 8, desta vila, no que solicita a regulamentaria licenza municipal para instalación dunha adegua de colleiteiro no inmoible sito en Val de Pereira-Gomariz-Esposende, desta vila, e

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 25 de agosto de 2006, informa en sentido favorable, cualificando dita actividade como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA, informando favorablemente o proxecto da devandita actividade condicionado ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, e a normativa seguinte: a) á comprobación posterior, mediante certificación de medición de ruídos, na que se acredite o cumprimento da normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica; b) a que de acordo coa seguinte normativa de residuos: 1) Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 02-09-97), 2) Real Decreto 833/1988, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos; 3) Orden M.A.M./304/2002, de 8 de febreiro polo que se publica as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (B.O:E. Nº 43, de data 19-02-02); 4) Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (D.O.G. nº 124 do 29-06-05) se xestione adecuadamente os residuos perigosos, se xestionen os residuos urbanos tendo en conta a recollida selectiva de lixo, axeitada xestión dos envases de fitosanitarios xerados na explotación e se xestionen adecuadamente os residuos da contrucción e/ou demolición;; c) a autorización de verquido municipal para os verquidos industriais realizados ó alcantarillado; d) á aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA** que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola

Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, **debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento**, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.”

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don Benito González Sendín**, con domicilio na rúa Rosalia de Castro nº 9, 4º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

CONDICIONS URBANISTICAS.-

Expte: 11/09/2006/4098-CU/287: Vista a solicitude de **Don Marcial Duran Meiriño**, con domicilio en Villaverde, Quíns, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na rúa Rodríguez de la Fuente (Ref. Catastral: 00.15.6-25), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 15.09.06, que literalmente di:

1. “O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle Francelos Travesía, aprobado no pleno de 2 de novembro de 1993. Este ordenamento supéditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.
2. É de aplicación a Ordenanza do E.D. Residencial Cerrada, 14.1.
 - a. Terasa que efectuar a normalización de predios ao obxecto de cumprimentar a edificabilidade según a trama edificatoria e o fondo de aplicación, é zona regulada por a ordenanza RC IV, Art. 18-a) e concorrentes da LOUGA.
 - b. Igualmente, cederanse os terreos sobrantes frontales urbanizándoos.
3. Axúntase co presente informe:

- a. Cartografía Catastral.
- b. Cartografía E.D., E 1:500
- c. Ordenanza 14.1. “

Expte: 11/08/2006/3791-CU/269 Vista a solicitude de **Don Rogelio Otero Rodríguez**, con domicilio na Florida nº 132, Pereiras, Mos, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na Estrada Provincial CV-667 (Ref. Catastral: Polígono 46, Parcela 326), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 15.09.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

1. A parcela con Referencia Catastral; Polígono 46; Parcela 326, corresponde a Solo Rústico, con fronte á Estrada Provincial CV-667, estrada cuxa plataforma susténtase por un muro de contención situado na mesma ribeira do río Avia.
2. Regulación que corresponde ao Art. 31 “Facultades e deberes dos propietarios en solo rústico”, nas Categorias que se establecen no Art.- 32.
Como Solo Rústico Especialmente Protexido, Art. 32-2.

- c.) Solo Rustico de Protección de Infraestructuras.
- d.) Solo Rústico de Protección das Augas.

3. Axúntase co presente informe:

- a. Plano Cartografía Oficial 1: 10.000, NNSSM.
- b. Art. 31 e seguintes da LOUGA.
- c. Plano Catastral. “

Expte: 23/05/2006/2398-CU/170 Vista a solicitude de **Don Moisés González Domínguez**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 2, 4ºC, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na zona posterior a Muebles Celso, a Xunta de Goberno Local, por

unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 15.09.06, que literalmente di:

1. “O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP N° 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle cara Sampaio, aprobado no pleno de 31 de xaneiro de 1996.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA n° 252 do 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concurrentes.

2. As parcelas con Referencia Catastral, según consta no punto 2, corresponde a Solo Urbano, regulado por o E.D. Travesía hacia Sampaio, Ordenanza RA II-IV, coa implantación dun vial de nova apertura e coincidente coa trama do camiño do “Consello”, coa precisión do E.D. e na zona da Estrada OU-504 a alineación é coincidente coas edificacións actuais, como así se precisa na Cartografía Oficial do E.D.
 - a. A área onde se atopan encravadas as parcelas, corresponde a Solo Urbano, cunha malla de viais que se establecen con precisión na Cartografía Oficial, requirindo dunha xestión de acomodo ao previsto coas súas cesións, axustes, obras de urbanización, etc.
 - b. Estas circunstancias peculiares, salvo mellor criterio, nos sinalan que estamos nun Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano Non Consolidado, sendo de aplicación o réxime correspondente regulado por os Art. 18-b), Art. 20 e concurrentes da LOUGA.
 - c. Dada a existencia de construcións cos seus correspondentes usos nas referidas parcelas, calquera posible actuación, deberase analizar respecto ao previsto no Art. 103, 104, da LOUGA, así como demais disposicións regulamentarias.
3. O planeamiento actual non foi adaptado á Lei, LOUGA, no seu prazo establecido.
4. Estarase ao que determine a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como a Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo, de data 14 de marzo de 2006, RE N° 1187.
5. Axúntase co presente informe:
 - a. Cartografía Catastral.

- b. Cartografía E.D., E 1: 500, Alineacions, Rasantes e Ordenación. Plano nº 4.2, Plano nº 6 Orde Xeral.
- c. Ordenanza R.A. II-IV”

Expte: 10/08/2006/3775-CU/206 Vista a solicitude de **Dona Maria Elena Quintela Cid**, con domicilio na Groba, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na estrada N-120, nº 8, A Groba, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 15.09.06, que literalmente di:

1. “A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

- a. Según ubicación facilitada, corresponde a Solo de Núcleo Rural da Grova.
- b. Son de aplicación os Art. 24 e seguintes da LOUGA. Por posición respecto á N-120, calquera actuación suxeita a licenza, estarase o disposto no informe do Ministerio de Fomento (Adxúntase fotocopia).
- c. Dada a existencia de varias edificacións, (viviendas unifamiliares de planta baixa e piso) calquera actuación, deberase analizar respecto ao previsto no Art. 103, 104 e Art. 25 “Tipos de actuación” da LOUGA; así como demais disposicións regulamentarias.
- d. Axúntase co presente informe:
 - i. Art. 24 e seguintes da LOUGA.
 - ii. Plano NNSSM, do Núcleo da Grova.”

Visto o escrito de **Don Raul Pena Cotelo**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 62, 1º, desta Vila, no que comunica o Concello que con data 31 de outubro de 2006, cesará a súa actividade nos postos nº 10 e 11 da Praza de Abastos de Ribadavia, os integrantes da Xunta de Goberno Local, toman coñecemento do devandito escrito e acordan comunicarllo o Departamento de Intervención do Concello os efectos oportunos.

LICENZA DEFINITIVA

“Visto o expediente tramitado a instancia de **don Francisco Rafael García Pérez**, con domicilio na rúa Tramesones nº 13, baixo, desta vila, para apertura dunha adega tradicional na rúa Tramesones nº 13, baixo, desta vila.

Cumpridos os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 e disposicións complementarias, para apertura de local para adega tradicional na rúa Tramesones nº 13, baixo, desta vila, para cuxa actividade foi concedida Licenza Provisional por acordo da Xunta de Goberno Local con data 04-09-06, e unha vez presentado certificado de fin de obra e certificado de medición acústica, con informe favorable do técnico municipal de data 18.09.06, tras a realización da correspondente visita de comprobación.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza definitiva a don Francisco Rafael García Pérez, para a apertura e funcionamento da actividade de adega tradicional nun inmovible sito na rúa Tramesones nº 13, baixo, desta vila, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 205,80 euros.

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

LICENZA DE OCUPACIÓN.

“Visto o escrito, de data 16.06.06, presentado por **dona María Dolores Rodríguez Vázquez**, con domicilio na rúa San Pedro nº 22, 2º, Santiago de Compostela, no que solicita licenza de ocupación da vivenda sita na estrada N-120, vella nº 51, San Paio.

Visto os informes técnicos obrantes no expediente, o certificado final da Dirección da obra e demais documentación técnica obrante no expediente.

Vistos os informes técnicos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión da Licenza de 1º ocupación a dona Dolores Rodríguez Vázquez para a edificación sita na estrada N-120 vella nº 51, San Paio.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Delegación da Consellería de Industria e Innovación, Resolución concedendo axuda para a promoción do uso racional da enerxía eléctrica (4.149,83 euros).

-“ Do Xulgado de Menores, Sentencia recaída no procedemento núm. 44/2005, relativa a reclamación de cantidade con motivo de danos”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CONVENIOS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio entre o Concello de Ribadavia e Club de Tenis Miño para desenvolver actividades de Tenis.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio entre o Concello de Ribadavia e Dona Pilar Vázquez Cobelas para a realización de actividades de Ximnasia Estética e Jump Rope (Saltos de corda acrobático).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio entre o Concello de Ribadavia e Don José Manuel Pazos Martínez para a realización de actividades de Karate-do.

APROBACION DE FACTURA.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura de Sogama, relativa o tratamento de Residuos Sólidos Urbanos na Planta de transferencia de San Cibrao correspondente o mes de abril 2006, por importe de 8.333,90 euros.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.